
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O LUNS, DÍA 13 DE MAIO DE
2013**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria e na segunda convocatoria ás 12:49 horas do luns día 13 de maio de 2013, coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores
- 2) Informe do Director
- 3) Presuposto para o ano 2013
- 4) Convocatoria e calendario de eleccións das comisións da Escola
- 5) Calendario académico para o curso 2013/14
- 6) Turno aberto de palabra

**ASISTEN:
PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE**

Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Díaz García	Jacobo
Domínguez Pérez	Xabier
Eiras López	Javier
Fe Marqués	Jaime
Galán Díaz	Juan José
Gómez Díaz	Héctor
González Fonteboa	Belén
Herrador Barrios	Manuel
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nogueira Garea	Xesús
Novalles Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso

París López	José
Pena Mosquera	Luis
Peña González	Enrique
Pérez Pérez	Ignacio
Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal	Pablo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Samper Calvete	Javier
Taboada Vázquez	Raquel
Vasallo Rapela	Alejandro

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Martínez Díaz	Margarita
Soage Quintáns	Manuel Andrés

ESTUDANTES

Espasandín Lacalle	Raúl
Gómez Mejjide	Breixo
Lafuente Paulos	Marta
Longueira Pan	Francisco
Rojo López	Gemma
Valeiro Mouriño	Miguel

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cartamil Obelleiro	Carmen
Cobelo Juncal	Marcos
Moar Graña	Ana
Pintos Señoráns	Silvia
Roel Vilas	Pilar

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA

Mosqueira Martínez	Gonzalo
--------------------	---------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Xabier Domínguez.

1) **Lectura e aprobación, se procede, de actas de reunións anteriores.**

O Director recorda ós asistentes que as actas das reunións ordinarias do 18 de febreiro de 2013, e extraordinarias do 1 e do 4 de abril de 2013 se remitiron por correo electrónico ós membros da Xunta. Non hai obxeccións ás actas. Apróbanse.

2) **Informe do Director**

O Director informa dos seguintes puntos:

- O Rectorado nomeou a todos os membros do equipo directivo incluídos na proposta presentada o día das eleccións. Dado que o profesor Diego Carro López se encontra realizando unha estancia de investigación, o Director propuxo ó reitor que un membro do equipo directivo exercera como secretario durante a súa ausencia.
- Incorporouse D. Alejandro Arévalo Pías como xefe de negociado na Unidade de Apoio ós Departamentos e Investigación asignada á Escola, substituindo á ata agora secretaria administrativa do Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación, D^a Soledad Gracia Gavín, que á súa vez se incorporou á administración da Escola de Camiños.
- O equipo directivo decidiu propoñer unha oferta de 80 prazas na titulación de Grao en Tecnoloxía da Enxeñería Civil e 100 prazas no Grao en Enxeñería de Obras Públicas para o curso que ven. Estas cifras coinciden coas propostas no curso pasado. O Consello de Goberno da Universidade aprobou finalmente unha oferta de 80 prazas en TECIC e 114 en IOP, debido a que unha normativa da Xunta impide reducións maiores do 5% con respecto ó contemplado na memoria de verificación sen modificar a mesma.
- Tralas correspondentes conversacións co Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, aceptouse a proposta da Xunta de Escola no sentido de permitir ós alumnos de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos a matrícula en asignaturas dos grados equivalentes a 7 das 15 asignaturas optativas extinguidas da súa titulación.
- Coa colaboración do personal de Conserxería e do Centro de Cálculo, púxose en funcionamento un sistema de publicación na web da Escola da información relativa á publicación de notas e datas de revisión de exámenes.
- En setembro, coincidindo cos actos de inicio de curso, ofrecerase unha exposición de paneis informativos sobre Luciano Yordi, cedida polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, e que tamén se complementará con unha conferencia monográfica.

- O proxecto de remodelación do CITEEC foi entregado á universidade a principios de maio para a súa adxudicación. O presuposto de licitación é de aproximadamente 2 millóns de euros, e o prazo de execución previsto, de un ano.

3) **Presuposto para o ano 2013.**

O Director recorda ós asistentes que o documento no que se resume o presuposto para o ano 2013, foi aprobado pola Comisión Permanente e se remitiu por correo electrónico ós membros da Xunta. Agradece ó profesor Manuel Casteleiro a súa elaboración. Destaca a redución do 13% aproximadamente con respecto ó presuposto inicial do ano pasado. Informarase ós membros da Comisión Permanente da execución mensual do presuposto.

Apróbase.

4) **Convocatoria e calendario de eleccións das comisións da Escola**

O secretario informa de que a Comisión Permanente aprobou na súa reunión do 29 de abril a seguinte composición para a administración electoral, que controlará o proceso electoral:

José Antonio Díaz Maques
Xabier Domínguez Pérez
Francisco Longueira Pan
José París López

Recorda que se remitiu por correo electrónico ós membros da Xunta unha proposta de convocatoria de eleccións. Indica ademais, con respecto á composición da Comisión de Evaluación Académica, que a redacción do artigo correspondente do Regulamento da Escola se interpretou no sentido de incluír nesta comisión un alumno de cada un dos grados que se imparten na Escola, o que, tendo en conta as porcentaxes de participación fixadas no mesmo artigo, faría necesario que se presentaran polo menos cinco profesores.

Apróbase a proposta de convocatoria de eleccións. O director anima ós membros da Xunta a presentarse ás diferentes comisións.

5) **Calendario académico para o curso 2013/14**

O director recorda que se remitiu por correo electrónico ós membros da Xunta unha proposta de calendario académico para o curso 2013/14, e que o xefe de estudos pasa a comentar. Indica que nesta proposta se marcou por erro o 3 e 4 de febreiro como vacacións de entroido cando en realidade tería que ser o 3 e 4 de marzo. Tamén destaca a

novidade que supón que o período de clases do primeiro cuatrimestre remate coas vacacións de Nadal.

A proposta de Francisco Longueira Pan, indica que os días 8, 9 e 10 de xaneiro non se celebrarán exames coa idea de que os alumnos que o desexen poidan ter titorías á volta das vacacións.

Fernando Martínez Abella plantexa a posibilidade de que, para evitar que se descompense a docencia se a maior parte dos festivos caen en luns o venres, se poida asignar nalgunha ocasión a docencia correspondente a un día festivo a outro día diferente da semana. Despois de varias intervencións acordase estudar esta proposta e outras posibles solucións na Comisión Docente.

Enrique Peña González recorda ós representantes de estudantes que para propoñer un cambio de data de un examen é preciso que todos os alumnos matriculados estén de acordo.

Apróbase a proposta de calendario académico tendo en conta que o 3 e 4 de marzo deben figurar como festivos de entroido en lugar do 3 e 4 de febreiro, e que os festivos poden sufrir cambios debidos á aprobación de calendarios oficiais.

6) **Turno aberto de palabra.**

Julia Álvarez García pregunta se este curso é efectivamente o último en que os estudantes poden evaluarse das diferentes materias de primeiro curso das titulacións a extinguir, ou se está contemplada algún tipo de prórroga. O xefe de estudos e Luis Romera Rodríguez contestan que hai unha normativa en vigor según a cal poden solicitar unha convocatoria extraordinaria ó ano ata que se extingan definitivamente todos os cursos da titulación.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:28 horas do luns día 13 de maio de 2013.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Xabier Domínguez Pérez
Secretario Académico